

## **TALLER DE CONTOS**

Dentro da Programación de Animación á Lectura para os nenos/as de Culleredo que organiza a Concellería de Cultura nas Bibliotecas Municipais, ponse en marcha esta semana o **TALLER DE CONTOS**, que este curso estarán dedicados a contos de distintos países do mundo, facendo unha aposta pola multiculturalidade.

Os talleres de contos están impartidos por persoal das bibliotecas municipais e mesturan os libros con actividades manuais, pintura, debuxo, etc.

Están dirixidos a nenas/os de entre 4 e 8 anos, sendo necesaria unha preinscrición.

O Conto previsto será **“Mi luna, nuestra Luna”**, conto Iraní.

- Xoves **6 de novembro** ás 18.30 horas na Biblioteca “Xosé Cardeso Liñares” de VilaMelania-Vilaboa.
- Venres **7 de novembro** ás 18.30 horas na Biblioteca “Miguel González Garcés” no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.

Culleredo, 4 de novembro de 2008.  
O concelleiro de cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.